



CONTROL FEDERADO DE MARCAS NOIA

Domingo 2 de maio 2021. Pistas Municipais de San Lázaro. Noia. A Coruña.

Organizan: Club Atletismo Noia, Club Atletismo MillaRaio e Club Atletismo Fontes do Sar.

Colaboran: Concello de Noia, Federación Galega de Atletismo.

1.- HORARIO:

| Hora | Proba | Hora | Proba |
|--------------|---|--------------|-------------------------------|
| 10:00 | 50 ml Sub 10 Fem. Final A LONXITUDE sub 16 e sup Fem. | 12:00 | LONXITUDE sub 12 MIXTO |
| 10:06 | 50 ml Sub 10 Fem. Final B | 12:04 | 150 ml Sub 14 Fem. Final A |
| 10:12 | 50 ml Sub 10 Fem. Final C | 12:10 | 150 ml Sub 14 Fem. Final B |
| 10:18 | 50 ml Sub 10 Masc. Final A | 12:16 | 150 ml Sub 14 Masc. Final A |
| 10:24 | 50 ml Sub 10 Masc. Final B | 12:22 | 150 ml Sub 14 Masc. Final B |
| 10:30 | 50 ml Sub 10 Masc. Final C | 12:30 | 200 ml Absoluto Fem. Final A |
| 10:36 | 60 ml Sub 12 Fem. Final A | 12:36 | 200 ml Absoluto Fem. Final B |
| 10:42 | 60 ml Sub 12 Fem. Final B | 12:42 | 200 ml Absoluto Masc. Final A |
| 10:48 | 60 ml Sub 12 Fem. Final C | 12:48 | 200 ml Absoluto Masc. Final B |
| 10:54 | 60 ml Sub 12 Fem. Final D | 12:58 | 300 ml Sub 16 Fem. Final A |
| 11:00 | 60 ml Sub 12 Masc. Final A LONXITUDE sub 16 e sup Masc. | 13:00 | LONXITUDE sub 14 MIXTO |
| 11:06 | 60 ml Sub 12 Masc. Final B | 13:04 | 300 ml Sub 16 Fem. Final B |
| 11:12 | 60 ml Sub 12 Masc. Final C | 13:10 | 300 ml Sub 16 Masc. Final A |
| 11:18 | 60 ml Sub 12 Masc. Final D | 13:16 | 300 ml Sub 16 Masc. Final B |
| 11:24 | 80 ml Sub 14 Fem. Final A | 13:24 | 800 ml ABSOLUTO Fem. Final A |
| 11:30 | 80 ml Sub 14 Fem. Final B | 13:30 | 800 ml ABSOLUTO Fem. Final B |
| 11:36 | 80 ml Sub 14 Fem. Final C | 13:36 | 800 ml ABSOLUTO Masc. Final A |
| 11:42 | 80 ml Sub 14 Masc. Final A | 13:42 | 800 ml ABSOLUTO Masc. Final B |
| 11:48 | 80 ml Sub 14 Masc. Final B | 13:48 | 1000 ml Sub 14 Fem. Final A |
| 11:54 | 80 ml Sub 14 Masc. Final C | 13:54 | 1000 ml Sub 14 Masc. Final A |

2.- As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata o mércores 28 de abril ás 22.00 horas.

APLICARASE UNHA COTA DE 3 € A AQUELES ATLETAS QUE NON PERTENZAN A CLUBES ORGANIZADORES.

3.- Comunicar renuncias ata as 22:00 h. do xoves día 29 de abril no correo electrónico: competicion@atletismo.gal.

4.- O aforo será controlado e limitado. Por Protocolo Covid-19 e polas restricións de aforo nas gradas por protocolo da propia instalación, a Organización acreditará a un representante do Club (Delegado ou adestrador); entre 10 e 20 atletas dun Clube, 1 delg. e 1 entr.; entre 21 e 30, 1 delg. e 2 entr.; entre 31 e 40, 1 delg. e 3 entr.; mais de 41 atletas, 1 delg. e 5 entr. Entrenadores con licenza en vigor.

Deberán cubrir o formulario de solicitude habilitado ó efecto no sitio web www.atletismo.gal ata as 14:00 horas do venres 30 de abril de 2021.

5.- O quecemento realizarase SEMPRE de forma individual e coa máscara posta nunha zona acotada a tal efecto na propia instalación.

6.- Establecerase un número máximo de 6 participantes por proba e serie, agás nos concursos onde será de 10; nos concursos estableceranse un máximo de 4 intentos por participante. Priorizarase a reserva de prazas para os clubs organizadores. No caso de quedar prazas vacantes, aplicarase o criterio de selección por mellores marcas realizada na proba en cuestión nas tempadas 2020 ou 2021.

En ningún caso se aceptarán inscricións fóra de prazo.

7.- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente a sanción será de 3 € por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito no correo electrónico competicion@atletismo.gal con unha antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas a F.G.A. 6 € por atleta con datos falsos.

8.- Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma total visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles ou calquera outro sistema homologado para a colocación do dorsal.

9.- Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada de dorsal a folla de Declaración Responsable. A máscara soamente retirase no momento en que sexa indicado polo xuíz de saída; entregarase unha nova ao chegar á meta.

10.- Todos/as os/as atletas deberán competir coa camisola oficial do seu club.

11.- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola F.G.A., así como as indicacións do Responsable COVID-19 da F.G.A. Así coma o do propio da instalación Pistas Municipais de San Lázaro (Concello de Noia). O protocolo da proba será publicado na wen www.atletismo.gal.

12.- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.